

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO do 29 de xullo de 2019, da Xerencia Municipal de Urbanismo, de aprobación definitiva do instrumento de medidas provisionais de ordenación previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (expediente 16022/411).

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria do día 24 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

«Primeiro. Estimar as alegacións co número de documento: 180156975, 180156976, 180161813, 180161989, 180164133, 180164728, 180165479, 180165644, 180165695, 180165764, 180165870, 180166510, 180167195, 180175975, 180181735, 180182569, 180184209, 180184866, 180185889, 180186453, 180193982, 180196738, 180197818, 180198742, 180199173, 180199337, 180200544, 180201200, 180202491, 190000224, 190003273, 190005142, 190005212, 190007578, 190007938, 190010117, 190018527, 190039010, estimar parcialmente as alegacións co número de documento 180165026, 180165068, 180187523, 180190412, 180198116, 190026973, e desestimar o resto segundo o informe sobre a alegacións presentadas durante o período de exposición ao público (anexo 6 do instrumento de ordenación provisional).

Segundo. Aprobar definitivamente o instrumento de ordenación provisional redactado polos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo de data do 26.4.2019.

Terceiro. Publicar o presente acordo de aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia* no prazo dun mes.

Cuarto. Publicar a normativa e ordenanzas do IOP no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra.

Quinto. Levantar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, nos termos previstos na lexislación vixente e de acordo co reflectido no resumo executivo incorporado ao instrumento de ordenación provisional inicialmente aprobado.



Sexto. Contra este acordo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

Un exemplar do documento definitivamente aprobado será remitido, en soporte dixital e debidamente dilixenciado, á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado poderá consultarse no seguinte enderezo electrónico:

http://hoxe.vigo.org/movemonos/urb_plan_gest_1aa.php

Vigo, 26 de abril de 2019

O presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo
P.D. (Resolución do 11.7.2019)
María José Caride Estévez
Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo

